

Modificación dos datos persoais

Unha vez que teñamos iniciada a sesión podemos acceder aos nosos datos de usuario e personalizalos.


Como os datos de [acceso](#) ao espazo web foron creador por outras persoas (administradores) debemos de cambiar, cando menos, o [contrasinal](#) que nos outorgaron para personalizalo e poder lembrarnos del nas futuras ocasións.

Para acceder aos nosos datos de usuario e poder modificalos debemos buscar nos menús laterais (esquerda ou dereita) un [menú](#) que leve por título o noso **Nome de usuario** e nel atoparemos un enlace que di **A miña conta**.

Por exemplo, se o meu nome de usuario é 'profe1' o meu [menú](#) de usuario aparecería así:



Ao premer no enlace 'A miña conta' accederemos á paxina de datos do usuario. Na parte superior podemos atopar outro enlace que di 'Editar'. Prememos sobre este enlace para entrar na ficha de edición e modificación dos nosos datos de usuario.



Como xa dixemos é recomendable cambiar o [contrasinal](#) inicial por motivos tanto de seguridade como de comodidade do propio usuario. Vexamos como facelo:

profe1

Ver Editar **Arquivos persoais**

Información da conta.

Enderezo de correo-e: *
 nomeusuario@edu.xunta.es
 Introduzca unha dirección de correo válida. Tódolos correos do sistema envíanse se fai pública e só se emprega se quere recibir unha contrasinal nova ou se quer

Contrasinal: ←

Confirmar contrasinal: ←

Para cambiar o contrasinal do usuario actual, introduza o contrasinal novo en am

Ao entrar na ficha de Edición veremos que temos un campo onde aparece o noso [contrasinal](#) (si non está correcto tamén sería o momento de correxilo) e un pouco máis abaixo aparecen dous campos baleiros: [Contrasinal](#) e Confirmar [contrasinal](#). Se dexesamos cambiar o [contrasinal](#) tan só debemos de escribir a nova nos dous campos. Se os deixamos en branco mantense o [contrasinal](#) actual.

Tamén podemos realizar outras configuracións nesta ficha de edición da nosa conta, como seleccionar o idioma da interface, poñer unha sinatura (que aparecerá logo nos envíos dos comentarios que fagamos) ou cambiar o fuso horario.

→ TinyMCE axustes texto enriquecido

Opcións de idioma da interface

Linguaxe:

Inglés ←

Galego ←

Español

Ao seleccionar un locale diferente cámbiase o idioma da interface do sitio.

▼ Opcións de comentarios

Sinatura: ←

B I U ABC ↺ ↻ ↷ ☰ ☷

A sinatura amosarase publicamente ao final dos seus comentarios.

[desactivar texto enriquecido](#)

▼ Configuración da localización

Fuso horario: ←

Sábado, Febreiro 6, 2010 - 19:27 +0000 ▼

Selecciona o teu fuso horario. As datas e horas que se amosen neste sitio web usarán este fuso horario.

Enviar